

A REPRODUCCIÓN DOS ANIMAIS E DAS PLANTAS

- Todos os seres vivos se reproducen.

TIPOS DE REPRODUCCIÓN

1. ASEXUAL.

- Non se necesitan células especiais.
- Chega cun só individuo.
- Os fillos son idénticos ó proxenitor (=ADN).
- Hai distintas formas:
 - **División binaria.** Un individuo divídese en dous iguais. As bacterias.
 - **Xemación.** Dun individuo sae unha xema que crece pegada ata que e adulta. Hydra de auga doce.
 - **Fragmentación.** Dun anaco do individuo créase un novo ser. Estrela de mar.
 - **Gallos.** Dáse nas plantas. Dun anaco crece unha planta nova.
 - **Estolóns.** Nalgunhas plantas. Fresas.
 - **Bulbos, rizomas e tubérculos.** Diversos tallos enterrados poden dar lugar a outros fillos. Cebola, lirios, patacas

2. SEXUAL.

- Necesítanse 2 individuos de distinto sexo.
- Os fillos non son idénticos, son parecidos (distinto ADN).
- FASES:

Células reproductoras

fecundación

cigoto

Célula nai

REPRODUCCIÓN DOS ANIMAIS

- A maioría dos animais reproducécese de forma sexual.
- De maneira asexual reproducécese:
 - Por xemas: esponxas, pólipos e medusas.
 - Por fragmentación: Algúns vermes, estrelas de mar.

REPRODUCCIÓN SEXUAL

- Necesítanse dous individuos (macho e femia) que producen óvulos e espermatozoides.
- Hai dúas formas distintas de reproducirse:
 - **Fecundación externa:**
 - Prodúcese fundamentalmente na auga.
 - Peixes e invertebrados mariños.
 - Ten lugar a partir de ovos.
 - **Fecundación interna:**
 - Moitos anfibios, réptiles, aves, mamíferos e algún invertebrado.
 - Pode ser:
 - **Ovípara:** A partir de ovos: anfibios, réptiles, aves e algún mamífero (ornitorrinco).
 - Desenvolvemento ovíparo:
 - O cigoto rodéase dunha cáscara resistente que o protexe.
 - O embrión aliméntase de substancias nutritivas que hai no ovo.
 - As aves danlle calor os seus ovos (incubación) ata que se produce a **eclosión**.
 - Algúns animais (ra e bolboretas) sofren unha metamorfose ata parecerse os seus pais.
 - **Vivípara:** Nacen do ventre: Maior parte dos mamíferos (-ornitorrinco e canguro).
 - Desenvolvemento vivíparo:
 - Os embrións de tódolos mamíferos (- canguros e ornitorrinco) desenvólvense no ventre da nai.
 - Por medio da placenta reciben alimento e osíxeno da nai.
 - Despois do parto os fillos toman leite das mamas das nais.

A REPRODUCCIÓN NAS PLANTAS

- As plantas según teñan ou non semente clasificámolas en:
 - **Sen semente:** reproducense a partir de **esporas**, non teñen flores.
 - **Briofitas:** o lique.
 - **Pteridofitas:** os feitos.
 - **Con semente:**
 - **Espermatofitas:** Son plantas que teñen flores.
 - **Ximnospermas:** As flores non teñen estigma e os óvulos están libres. As coníferas (piñeiros, abetos,...).
 - **Anxiospermas:** A flor ten os dous órganos de reprodución (masculino e feminino).
- **A flor das plantas anxiospermas:**
 - Nela atópanse os órganos de reprodución da planta.
 - Partes dunha flor:
 - **Cáliz:** follas verdes da base da flor chamadas **sépalos**.
 - **Corola:** follas de cor chamadas **pétalos**.
 - **Estames:** órgano rep. Masculino.
 - **Filamento.** Suxeta a antera a flor.
 - **Antera.** Abultamento formada por unha ou varias tecas (bolsas).
 - **Teca.** Bolsas que conteñen o **polen**.(célula masculina).
 - **Pistilo:** é o órgano rep. Feminino.
 - **Estigma.** Entrada do ap. Feminino.
 - **Estilo.** Parte que conecta o estigma co ovario.
 - **Ovario.** Lugar onde se atopan os óvulos.
- **A formación da semente:**
 1. **Polinización.** Transporte do pole desde a antera ata o estigma (aire, auga ou insectos).
 2. **Fecundación.** O polen chega o estigma e baixa ata o ovario a través do tubo polinífico. En contacto co óvulo produce a fecundación e f´ormase o cigoto.
 3. **Formación do froito e semente.** O cigoto rodéase de substancias nutritivas e forma a *semnte*. O mesmo tempo todo o pestilo medra dando lugar ó *froito*.
- **A xerminación da semnete:**

As sementes en condicións idóneas de humidade e temperatura xermola e da lugar a unha nova planta.